

# GALICIA HISTÓRICA

## Hoja de historia y documentos compostelanos

Año 8. Nº 75. Marzo, 2023.

### O LIBREIRO PEDRO DE NANDÍN NOS PROTOCOLOS NOTARIAIS DO ABCS

Os Protocolos Notariais custodiados no Arquivo-Biblioteca da Catedral de Santiago ofrecen aos investigadores unha fiestra á que asomarse nas vidas cotiás das persoas dende finais do século XV e ata o século XIX, é dicir, dende a Baixa Idade Media ata comezos da época contemporánea, aínda que a maior parte destes protocolos rexístranse entre os séculos XVI e XVII. Son unha fonte de información moi útil para reconstruír os momentos máis sobranceiros na vida dunha persoa.

Entre os anos 2005 e 2012 levouse a cabo un proxecto de catalogación e dixitalización do Fondo dos Protocolos Notariais, financiado pola Fundación Barrié de la Maza e que contou posteriormente coa colaboración da Universidade de Santiago de Compostela e o Consorcio da Cidade de Santiago. Na actualidade pódense consultar todos eles no Opac do arquivo, sendo unha ferramenta moi valiosa para os investigadores, asegurando dese xeito a súa conservación.

Galicia durante case todo o século XVI ocupou unha posición periférica dentro do circuíto internacional do libro debido a varios factores: a escasa entidade dos seus núcleos de poboación, unha economía eminentemente rural e tamén un afastamento dos principais centros do libro situados na península (Salamanca e Medina do Campo). A excepción a esa xeneralidade van a ser as sedes episcopais galegas que encargan dende finais do século XV obras ás imprentas, provocando o xurdimento a partires do século XVI dun mercado do libro e grazas a el, o asentamento nesas cidades de libreiros. Benito Rial Costas documenta oito libreiros entre os anos 1501 e 1553 en Santiago de Compostela<sup>1</sup> e comenta que o oficio deles reducíase case exclusivamente á encadernación e a venda de libros en branco.

O impresor francés Nicolás Thierry chegou a Compostela no ano 1533, marcando un antes e un despois no mundo do libro xa que tenta crear o primeiro taller de imprenta e aínda que fracasou, o mercado do libro impreso na cidade de Santiago xa non tería fin. A poboación lectora de Santiago era alta respecto a calquera outra cidade de Galicia: os cóngos, os universitarios, os xuristas, os mercadores e a nobreza, demandaban cada vez máis libros e só as librerías poderán satisfacer as súas pretensións. Os libreiros en Santiago asentaránse na rúa da Acibechería, unha das rúas máis ricas de Santiago: residencia de burgueses,

mercadores e cóngos. A partires da década de 1540 as librerías comezarán a funcionar de forma autónoma debido a novos métodos de abastecemento, destacando sobre todo tres factores: as boas comunicacións marítimas que tiña Galicia cos portos franceses (deses portos e tamén dos de Flandes chegaba o papel) e que contrastaban coas pésimas estradas que unían Galicia con Castela; a participación dos mercadores locais na importación do libro a Compostela e o rol de Santiago como centro de importación e redistribución de mercancías dentro do arcebispado<sup>2</sup>.

Durante trinta anos, concretamente entre 1578 e 1608, rexístranse nos protocolos notariais do arquivo da catedral dezaioito documentos relativos á vida do libreiro Pedro de Nandín, veciño da cidade de Santiago. Son arrendos, concertos, cartas de pago, etc. que permiten adentrarnos na súa vida. Para exercer o oficio de libreiro o que necesita é ter unha tenda, arrendada ou da súa propiedade, e así no ano 1578 as viúvas Teresa González da Costa e Catalina Martínez Gallos, ambas veciñas da cidade, arrendan ao libreiro Pedro de Nandín unha tenda sita no baixo dunha casa propiedade delas e localizada na rúa do Campo lindando xa coa rúa da Acibechería, por un período de catro anos e pagando unha renda anual de catro ducados e medio. No documento aclárase que Pedro de Nandín unicamente disporá da tenda, non da casa, acordando as viúvas que se botan ao libreiro da súa tenda terán que buscarlle outra con tan bo emprazamento coma o delas.

*... carta de arrendamiento vieren como nos Tereixa González de Acosta, mujer que fincó de Martín Galos regidor e Catalina Martínez Galos, mujer que fincó de Fernán Díaz de Ribadeneira, vecinas desta dicha cibdad, ambas y cada una por lo que toca e atañe e puede tocar, otorgamos e conozemos por el tenor del presente que arrendamos e damos en este arrendo a vos Pedro de Nandín, librero e... al presente en esta dicha cibdad, conviene saber que le arrendamos la nuestra casa que nos avemos e tenemos propia nuestra en la calle del Campo en la Acobachería desta dicha cibdad que si se entiende de una tienda en que al presente esta libre<sup>3</sup> que*

<sup>1</sup>Rial Costas, B. *Producción y comercio del libro en Santiago (1501-1553)* Calambur Editorial: Santiago de Compostela. Pax. 147

<sup>2</sup>Ibid., pax 153

<sup>3</sup>Tachado no documento orixinal

*alinda con casa de Luis de Paz, mercader ... que por la parte de abaxo hacia la Acobachería la qual dicha ~~casa~~ e tienda de suso deslindada e della... por tiempo y espacio de quatro años... e fenecidos y acabados y entiendese que solamente os arrendamos e damos en este arrendamiento la dicha tienda solamente dexando y regervando la nuestra casa que los altos, salas, aposentos y solanas a nuestro parescer e disponer dellas a nuestra voluntad y arrendarlla a quien bien nos pareciere e el qual dicho tiempo prometemos e nos obligamos con nuestras personas e bienes muebles e raices avidos e por aver de no quitar la dicha tienda durante el dicho tiempo... e prometen so pena de os dar otra tienda en tan buen lugar e por el mismo tiempo e precio<sup>4</sup>...*

No ano 1583, dous anos despois de rematar o primeiro arrendo, Pedro de Nandín busca unha nova ubicación para a súa librería pero mantendo o mesmo emprazamento: a praza do Campo. O mercador Diego de Pol arréndalle unha casa e tenda sita nesa praza durante seis anos, por unha renda anual de catorce ducados e un par de capóns, ou se non tres reais en vez deles. As condicións do aluguer obríganlle a retellar a casa, proporcionándolle o mercador o material necesario para facelo.

*... esta carta de arrendamiento vieren como yo Diego de Pol, mercader, vecino de la ciudad de Santiago que soi presente, otorgo y conosco por esta presente carta que arriendo a vos Pedro de Nandín, librero vecino desta ciudad questais presente, conbiene a saber que vos arriendo la my casa sita en la entrada de la plaza del campo ... la qual vos arriendo con sus altos e baxos, entrada y tienda segund de la manera que vos a la presente la bibis e morays e por tiempo y hespacio de seis años... la qual vos arriendo con la condición que abeys de retejar e tejar la dicha casa de vuestra costa sin descuento del dicho alquiler y vos tengo de dar la teja necesaria para ella y la abeys de tener raparada... e fenecido este arrendo mela abeys de dexaar libre son vos llamar a las costumbres desta ciudad<sup>5</sup>...*

No ano 1585 rexístrase un contrato entre Pedro de Nandín e Juan da Moína, polo cal comprométese a entregarlle ao libreiro “mil e quinientos pares de tabla de alfaya” para encadernar libros a razón de seis maravedís o par. As *tablas de alfaya* empregábanse para facer as tapas dos libros, eran de madeira, aínda que nese momento noutras zonas de Europa (Venecia, Frankfurt) xa se

traballaba co cartón, permitindo desesa maneira o abarataemento do prezo das encadernacións e a aparición dos primeiros libros de peto impresos.

*... Pedro de Nandín, librero e Juan da Moína, vecinos de la dicha ciudad y se concordaron y concertaron el uno con el otro en la manera siguiente = En que el dicho Juan da Moyna se obliga ... de traer a esta ciudad de Santiago y a casa del dicho Pedro de Nandín, librero, a su costa, riesgo y bentura mil e quinientos pares de tablas de alfaya para encuadernar libros los quales libros an de ser de los manuales romanos ahora nuevamente benidos<sup>6</sup> y dar las por dezgazadas y de la suerte y manera de una tabla que le entrega para que conforme a ella sean las otras la qual ba publicada y en ella firmado el nombre del dicho Pedro de Nandín... por los quales dichos mil e quinientos pares de tablas el dicho Pedro de Nandín le tiene de dar y pagar por cada par seys maravedís<sup>7</sup>...*

Un ano despois, no ano 1586, rexístrase nos protocolos notariais de Juan Rodríguez de Moíño un contrato de aprendizaxe firmado entre Pedro de Nandín e Alonso Díaz, fillo de Inés López, veciña da vila de Castro de Rei, na diocese de Mondoñedo. O libreiro comprométese a ensinalle o seu oficio durante seis anos “a bista de oficiales”, dándolle “de comer e cama y posada y de bestir y calzar como a tal mozo de prendediz”<sup>8</sup>.

Estes catro documentos achégannos á vida do libreiro Pedro de Nandín na cidade de Santiago de Compostela a finais do século XVI. Nos oito anos transcorridos entre o primeiro (1578) e o último documento (1586) apréciase a súa evolución económica e social: pasando de alugar unicamente unha tenda na praza do Campo a arrendar cinco anos despois (1583) casa e tenda nese mesmo emprazamento e contando ademais con oficiais e aprendices que traballaban para el.

A industria do libro xa era importante en Santiago pero comparada con outras cidades españolas aínda tería que esperar unhas décadas para a súa eclosión. A cidade de Granada contaba en torno a 1590 con varias imprentas e numerosas librerías. O binomio imprentas-librerías chegaría máis tarde á cidade compostelá.

Jorge García García

<sup>4</sup>ACS, P 071, fols. 664r-665r.

<sup>5</sup>ACS, P 087, fols. 221r-222r.

<sup>6</sup>Refírese aos novos manuais saídos do Concilio de Trento (1545-1563) con novas normas dogmáticas, litúrxicas e éticas da Igrexa católica para contrarrestar as reformas feitas polos protestantes.

<sup>7</sup>ACS, P 091, fols. 94r-95r.

<sup>8</sup>ACS, P 095, fols. 460r-461r